

BASES 2020



Ti poches!
**Ninguén pode
ver o futuro.**



Futuríbelas!



[++info](#)



Futuribles!

Materiais
Innovadores

Os materiais, as súas características e propiedades, son unha parte moi importante dentro do proceso de deseño de novos produtos e por tanto constitúen unha prioridade dentro da política industrial europea a través das denominadas Key Enabling Technologies (KETs).

Por outra banda, a nivel nacional a Estratexia Tecnolóxica Española de Materiais Avanzados e Nanomateriales (aliñada coa estratexia da Comisión Europea e a propia Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e Innovación 2013-2020) destaca a importancia dos materiais como motor de innovación e como medio para alcanzar unha economía competitiva e sostible. Finalmente, a RIS 3 de Galicia no seu RETO 2 de "Novo modelo industrial

Introducción»

sustentado na competitividade e o coñecemento", establece a necesidade de aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da Hibridación e as Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais.

Para iso, na prioridade 2.1 concrétese como unha das "áreas de mellora" o desenvolvemento de estratexias baseadas na diferenciación mediante o deseño e a innovación de produto, incorporando o uso de materiais intelixentes.



>>Antecedentes

Coa finalidade de facilitar a consulta e o asesoramento sobre a procura de novos materiais para aplicacións en diversos proxectos, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) puxo en marcha, dentro do Programa de Deseño para a Innovación 2020, a biblioteca de materiais innovadores, denominada Materioteca de Galicia, desde a que se recompilan diferentes mostras de materiais procedentes de proxectos de I+D+i de empresas e organismos de Galicia para a súa difusión e fomento de sinerxias cooperativas no ámbito dos materiais.

Inscripcións abertas
13 de Maio de 2021

Qué buscamos!

>>Obxecto

O obxecto do certame é:

- >Difundir os materiais seleccionados a través da Materioteca de Galicia: mediante a incorporación á base de datos e a participación en diferentes exposicións itinerantes.

- >Realizar un evento de difusión presencial, coa máxima publicidade en redes e prensa, de materiais participantes no certame, destacando de forma especial os materiais finalistas e gañadores.

- >Difundir por medio dunha publicación en formato dixital e en papel, os mellores materiais participantes no certame.

- >Promover unha maior difusión dos materiais desenvolvidos en Galicia.

>>Obxectivos

Destacar os materiais más innovadores desenvolvidos en Galicia durante os últimos anos, co fin de potenciar a súa difusión entre empresas e profesionais; presentándolos como unha referencia e un estímulo.

Incrementar o coñecemento sobre as capacidades de investigación e desenvolvemento de novos materiais, existente en Galicia.

Materiais
Innovadores
de Galicia

>>Participantes e categorías

Poderán participar neste certame, as empresas, entidades e organismos de investigación públicos e privados, cuxo domicilio social ou centro de traballo atópese situado en Galicia, que desenvolven un material polos seus propios medios ou por iniciativa propia ou como socio dun proxecto nacional ou internacional.

Estableceranse 4 categorías de participación para o certame:

>Artesanal:

Materiais procedentes de desenvolvimentos realizados de forma artesanal ou por empresas con limitada capacidade de producción.

>Empresa:

Materiais desenvolvidos por

Categorías
de participación



CIS Tecnología e Deseño
Materioteca de Galicia
A Cabana s/n
15590 Ferrol

Dirección
de envío

++info



Futuribles!

>>Como participar

Calquera persoa ou organismo, poida dar referencias sobre aqueles materiais, que ao seu xuízo, reúnan as características de relevancia e innovación adecuadas para ser seleccionados dentro deste certame.

Neste caso, desde a Materioteca de Galicia, tras comprobar que os materiais propostos cumplen cos requisitos mínimos de viabilidade e innovación, contactarase coas empresas ou organismos vinculados ao material para formalizar a súa participación no certame.

>>Inscrição formal

O proceso de inscrición formal deberá ser realizado pola empresa ou organismo vinculado ao material. Este proceso requerirá cumprir dúas condicións:

1. Achegar mostras físicas do material a presentar (tamaño non superior a 20x20 cm ou peso inferior a 300 gr).

2. Cumprimentar "ficha descriptiva do material". A ficha poderá ser cuberta a través da aplicación telemática que se habilitará na web de Materioteca de Galicia (materioteca.gal). No certame unicamente participarán os materiais que cumpran estos dous criterios.

>>Xurado do certame e método da valoración

O xurado estará integrado por profesionais con experiencia no campo dos materiais. Estruturarse como segue:

Un representante por cada unha das entidades que seguen:

Inscricións até
13 de Maio de 2021

>>Axencia Galega de Innovación (GAIN)-Materioteca de Galicia
>>Materioteca a nivel nacional e/ou internacional.

>>Institución académica.
>>Centro Tecnológico.
>>Asociación empresarial.
>>Asociación profesional de deseñadores.
>>Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).
>>Axencia Galega da Industria Forestal (XERA).
>>Fundación Pública Artesanía de Galicia.

>>Reunión do xurado

A selección final dos materiais gañadores realizarase nunha reunión, a celebrar durante o mes de marzo, de todos os membros do xurado para analizar os materiais participantes e posteriormente realizar unha votación para a selección de materiais

finalistas e gañadores de cada categoría.

>>Entrega de distincións honoríficas

Os resultados do certame e a entrega de distincións aos finalistas e gañadores, celebrarase nun evento, ao que se dará a maior difusión posible tanto nos medios escritos como dixitais e redes sociais.

Este acto de entrega de distincións, contará coa participación de autoridades públicas relevantes e deberá servir para potenciar a máxima difusión de todos os materiais que concorresen ao certame, poñendo especial énfase nos materiais finalistas e gañadores.

Unha publicación, en formato dixital e papel, que recompile

os materiais más destacados de entre os participantes no certame, será difundida a través de diversos medios.

Os materiais gañadores do certame, serán presentados en posición relevante na publicación anteriormente mencionada, así como na web de Materioteca de Galicia (materioteca.gal) e na exposición permanente situada nas instalacións do CIS- Tecnología e Deseño en Ferrol.

Os materiais finalistas serán incluídos na materioteca de Materialy e contarán así con especial difusión a nivel nacional mediante a súa participación nunha exposición itinerante que será presentada en diferentes localidades como Bilbao, Madrid, Málaga, etc.



Inscripciones ata
13 de Maio de 2021

>>Requisitos das candidaturas

O proceso de nomeamento de materiais candidatos ten por finalidade facilitar a localización de candidaturas, pero non supón a participación no certame ata que se formalice o proceso de inscrición, que consta de dúas partes:

- >>Cumprimentando o "formulario inscrición do material"
- >>Enviando unha "mostra do material" á dirección que será indicada no momento de inscrición.

Os materiais que se presenten ao certame, deberán estar autorizados para a súa difusión a través da información que habitualmente se facilita desde a base de datos da Materioteca de Galicia.

>>Criterios de valoración por categorías

CATEGORÍAS 1 e 2

>Madurez tecnolóxica: (máximo 9 puntos)

>>TRL 5 – Tecnoloxía validada nunha contorna industrialmente relevante no caso de tecnoloxías habilitadoras clave. (5 puntos)

>>TRL 6 – Tecnoloxía demostrada nunha contorna relevante (contorna industrialmente relevante no caso de tecnoloxías habilitadoras clave). (6 puntos)

>>TRL 7 – Demostración do prototipo do sistema nunha contorna operativa. (7 puntos)

>>TRL 8 – Sistema completo e calificado mediante probas. (8 puntos)

>>TRL 9 – Sistema real probado na contorna operativa (fabricación competitiva no caso de tecnoloxías habilitadoras clave; ou no espazo) O produto, está comercialmente no mercado e é aceptado por un grupo de clientes (incluído autoridades públicas). (9 puntos)

>Recoñecemento do sector: (máximo 3 puntos)

- >>Premios outorgados: 1 punto x no de premios de carácter público demostrados
- >>Publicacións en prensa escrita: 0,2 puntos x no referencias detectadas.

>Vinculación a Economía Circular: (máximo 5 puntos)

- >>Preséntase valoración e metodoloxía de cálculo de pegada de CO₂ (máximo 1 punto)
- >>Preséntase valoración e metodoloxía de cálculo de pegada hídrica (máximo 1 punto)
- >>Constituíntes de materia prima renovable ou reciclable. (máximo 1 punto)
- >>O material é compostable (máximo 1 punto)
- >>O material é biodegradable (máximo 1 punto)

>Utilidade sanitaria do material: (máximo 5 puntos)

- >>O material presenta propiedades antivirais. (máximo 2 puntos)
- >>O material presenta propiedades anti-bacterianas. (máximo 2 puntos)
- >>O material é de fácil limpeza e desinfección. (máximo 1 punto)

>Grao de innovación: (máximo 5 puntos)

- >>Detectáronse referencias a produtos similares en España (1 punto)
- >>Novidade en España, pero detectáronse referencias a produtos similares noutros países (3 punto)
- >>Inédito (5 punto)

>Patentado ou rexistrado: (1 punto)

Ampliación plazo
ata o 13 de Maio de 2021



MIG 1º CERTAME
DE MATERIAIS
INNOVADORES
DE GALICIA 20

++info

Futuribles!

Inscripciones até
13 de Maio de 2021

CATEGORÍAS 3 e 4

>>Madurez tecnológica: (máximo 9 puntos)

>>Mesmos criterios que Categoría 1 e 2.

>>Recoñecemento do sector: Máximo 10 puntos

>>Premios outorgados: **1 x no** de premios de carácter público demostrados.

>>Publicacións en prensa escrita: **0,2 x no** referencias detectadas.

>>Publicacións de carácter científico: **1 punto x cada referencia.**

>>Presentación en foros científicos: **1 punto x cada evento.**

>>Vinculación a Economía Circular: (máximo 5 puntos)

>>Mesmos criterios que Categoría 1 e 2.

>>Utilidade sanitaria do material: (máximo 5 puntos)

>>Mesmos criterios que Categoría 1 e 2.

>>Grao de innovación: (máximo 5 puntos)

>>Mesmos criterios que Categoría 1 e 2.

fin das categorías

Tí poches!
**Ninguén pode
ver o futuro.**